



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DO 25 E 31 DE MARZO DE 2011

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, no Paraninfo da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Claustro que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**, xustifican a súa ausencia os Sres. Ana González Neira, Manuel Casteleiro Maldonado, Vicente Gambau, Gonzalo Faya Filgueiras, Enrique de la Torre e Víctor Gulías.

1. Constitución do Claustro universitario

Tras a comprobación do quórum legal para a realización da sesión, o reitor abre esta e, sen tempo para máis, toma a palabra o profesor Andrés de Blas para solicitar que se retiren os puntos 2 e 5, dado que non recibiu a documentación da convocatoria en tempo e prazo. Solicita tamén que se poida facer quenda aberta de intervencións sobre a idoneidade do candidato a valedor universitario.

O reitor contesta que a documentación foi enviada aos claustrais de conformidade co procedemento establecido e onte mesmo lembrouse por correo electrónico o sitio web onde figuraba toda a documentación e, en especial, o vínculo ao contido da Memoria do reitor 2010.

O profesor Alejandro Pazos solicita intervir. Pon de manifesto o que, ao seu xuízo, constitúe irregularidade formal na remisión da documentación referente aos puntos 2 e 5 e a irregularidade conceptual no punto 4, no seu apartado referente á elección do valedor do universitario, por falta de intento dun necesario consenso, polo descoñecemento absoluto da comunidade universitaria do candidato proposto e non ter a oportunidade de oír as súas propostas. Solicita a retirada da orde do día dos puntos 2 e 5, e da elección do valedor universitario.

Tras un debate, o reitor decide retirar da aprobación as actas do punto dous, que quedan pendentes de aprobación para un vindeiro Claustro, e declara constituído o Claustro universitario, tras as eleccións de representantes nos distintos sectores, realizadas o pasado 2 de decembro de 2010. O reitor aclara que foron electos exactamente 291 membros e quedan 9 postos vacantes –5 no sector A e 4 no sector C–, por non se presentar



candidatos en determinadas circunscricións. Deste xeito, conclúe o reitor, o Claustro ten un total de 294 membros (291 electos e os tres membros natos: reitor, secretario xeral e xerente). Este dato permítenos situar a maioría absoluta necesaria para elixir valedor universitario en 148 votos.

2. Lectura e aprobación, se proceder, das actas dos Claustros ordinario do 16 de abril de 2010 e extraordinario do 18 de novembro de 2010

Este punto foi retirado polo reitor.

3. Constitución da Mesa de Idade

A continuación, o reitor agradece publicamente aos membros da Mesa do Claustro saínte o seu traballo a prol da institución, e procede a chamar os membros da Mesa de Idade:

- D. José Manuel Casabella López
- D.^a Sonia García Vázquez
- D. Juan José Casabella López
- D. Xoan Luís López Viñas
- D. Manuel Antonio Seoane Rodríguez
- D.^a Andrea López Gómez
- D. Manuel Ríos Barbeito
- D.^a Lorena Evangelista Patricio

Constitúese a Mesa de Idade, e dáse paso ao seguinte punto.

4. Eleccións dos membros da Mesa do Claustro, de representantes do Claustro no Consello de Goberno, dos membros da Comisión Electoral Central e do valedor universitario

a) Procedemento A (Mesa do Claustro)

De conformidade cos procedementos establecidos na convocatoria do Claustro, realízase en primeiro lugar a votación dos membros da Mesa do Claustro (procedemento A), cos seguintes resultados:

Profesorado doutor con vinculación permanente (sector A):

- D.^a Natalia Álvarez Lata: 66 votos



- D. Ignasi Colominas Ezponda: 23
- D. Alberto Cotillo Pereira: 33
- D.^a Diana Dapena Janeiro: 20
- D.^a M.^a Victoria de Dios Vieites: 38
- D. Richard Duro Fernández: 23
- D. José Manuel Estévez Saa: 35
- D. Xose Ramón Freixeiro Mato: 60
- D.^a Ruth M.^a Gutiérrez Fernández: 23
- D. Salvador Naya Fernández: 68
- D.^a M.^a Carmen Pérez Pais: 62

Restantes categorías do persoal docente investigador (sector B):

- D.^a Sonia Souto Camba: 14 votos
- D.^a Eva M.^a Souto García: 10 votos

Estudantes (sector C)

- D. David Pereira Martínez: 0 votos
- D. Severino Salgueiro Rodríguez: 20 votos
- D. Manuel Antonio Seoane Rodríguez: 1 voto
- D.^a Alba Somoza González: 16
- D. Santiago Manuel Toba Campaña: 15

PAS (sector D)

- D.^a Lorena Evangelista Patricio: 24 votos

Proclámanse electas as doce persoas seguintes para a Mesa do Claustro:

Profesorado doutor con vinculación permanente

- D. Salvador Naya Fernández
- D.^a Natalia Álvarez Lata
- D.^a M.^a Carmen Pérez Pais
- D. Xosé Ramón Freixeiro Mato
- D.^a M.^a Victoria de Dios Vieites
- D. José Manuel Estévez Saa



Restantes categorías de PDI

- D.^a Sonia Souto Camba
- D.^a Eva M.^a Souto García

Estudantes

- D. Severino Salgueiro Rodríguez
- D.^a Alba Somoza González
- D. Santiago Manuel Toba Campaña

PAS

- D.^a Lorena Evangelista Patricio

b) Restantes procesos electorais

De seguido, procede a indicar como se vai desenvolver a votación dos representantes do Claustro no Consello de Goberno (procedemento B), os membros da Comisión Electoral Central (procedemento C) e Valedor Universitario (procedemento D), de conformidade co procedemento aprobado.

O secretario xeral aclara a situación das urnas correspondentes a cada proceso electoral. O profesor Fermín Navarrina solicita intervir para solicitar, no nome de diversos claustrais, que se aprace a votación do valedor universitario e se deixe para un vindeiro Claustro, de modo que dea tempo a consensuar un candidato ou candidata entre todas as sensibilidades representadas no Claustro.

O reitor replica que non pode aceptar o pedimento, porque xa se leva moito tempo sen renovar o cargo, e nesta ocasión cumpríronse todas as formalidades para presentar candidatos, incluída a sinatura de quince claustrais que avalasen esa candidatura, con prazos moi amplos para negociar o que houber mester. En representación dos Comités, o estudante Federico García solicita que non se adíe a votación, pola necesidade que ten o sector do estudantado de ter un valedor que funcione. Pola súa parte, Jordi Delgado intervéñ para lamentar que non se consensuase máis a candidatura do profesor Enrique Martínez Ansemil. Por alusións, o profesor Martínez Ansemil intervéñ para destacar que a súa non é a candidatura de ningún grupo, senón que tratou de consensuar con distintas

sensibilidades a listaxe de quince claustrais que avalaron a súa candidatura. Anuncia a súa intención de ser independente no exercicio do cargo, como non pode ser doutro xeito neste tipo de maxistraturas.

Tras este debate, ábreanse as votacións, que se desenvolven normalmente nos prazos establecidos.

Unha vez feito o escrutinio, e retornada a Mesa do Claustro ao Paraninfo, o reitor anuncia os resultados das votacións:

Procedemento B - Representantes do Claustro no Consello de Goberno, os resultados foron os seguintes:

Sector A: Profesores doutores con vinculación permanente (candidaturas electas)

- D. Abalde Alonso, Julio Ernesto: 65 votos
- D. Busto Lago, Jose Manuel: 61 votos
- D. Calvo Silvosa, Anxo Ramón: 61 votos
- D. Ricardo Cao Abad: 63 votos
- D.^a Sabela Rivas Barrós: 59 votos
- D.^a M.^a Luisa Sánchez Simón: 66 votos
- D.^a Pilar Uriz Tomé: 66 votos
- D. Luís Castedo Ribas: 38 votos
- D.^a Rosa Meijide Failde: 39 votos
- D. José Miguel Muñoz Cantero: 37 votos

Sector B: Restantes categorías de PDI (candidaturas electas)

- D.^a M.^a Dolores Candendo Gunturiz: 12 votos
- D. Pedro Gil Manso: 9 votos

Sector C: Estudantes (candidaturas electas)

- D.^a Ana Barxa Cid: 22 votos
- D.^a Amelia Fraga Mosquera: 21 votos
- D. Federico García Gil: 22 votos
- D. Emilio Lage Rodríguez: 17 votos

- D.^a Sara Martínez Rey: 17 votos
- D. Jorge Quintás Villar: 21 votos

Sector D: PAS (candidaturas electas)

- D.^a M.^a Carmen Barreiro Daponte: 8 votos
- D.^a Manuela Pinazas Rego: 10 votos

Procedemento C: Comisión Electoral Central, resultaron electos

Sector A: Profesores doutores con vinculación permanente:

- D. Santiago Roura Gómez: 72 votos
- D. Andrés de Blas Varela: 32 votos

Sector B: Restantes categorías de PDI

- D. Francisco Alonso Tajés (14 votos)

Sector C: Estudiantes

- D. Luís Miguel Puente Castelo (22 votos)

Sector D: PAS

- D.^a M.^a Paz Arenas Balsa (16 votos)

As candidaturas definitivas, o escrutinio, así como a proclamación definitiva de candidaturas electas dos procedementos A (Mesa do Claustro), B (Representantes do Claustro no Consello de Goberno e C (Comisión Electoral Central) figuran como **anexos III, IV e V** respectivamente, da presente acta.

Procedemento D – valedor universitario

Candidatura única: D. Enrique Martínez Ansemil:

- Votos a favor: 151
- Votos en branco: 82



– Votos nulos: 4

Ao ter acadado máis da maioría absoluta do Claustro Universitario, queda proclamado Valedor Universitario D. Enrique Martínez Ansemil.

A documentación relativa á candidatura de D. Enrique Martínez Ansemil, figura como **anexo VI** da presente acta.

Unha vez rematadas as votacións e a lectura de resultados, o reitor expresa o seu agradecemento a todos os claustrais e, dado o avanzado da hora (14:30 horas), suspende a sesión do Claustro até o vindeiro día 31 de marzo (xoves), en que se retomará a orde do día coa memoria de xestión do ano 2010.

5. Memoria de xestión do ano 2010

Sendo as 11:45 do día 31 de marzo, o reitor prosegue a sesión, interveñen Andrés de Blas, Alejandro Pazos e Julián Dorado de la Calle para poñer de manifesto a súa desconformidade cos prazos con que contaron para estudar a memoria do reitor e as actas, e reiterar a retirada deste punto. O profesor De Blas tamén se queixa de que non puido explicar o sentido do seu voto na elección do valedor universitario.

Tras rexeitar por improcedentes as cuestións de orde, dado que as actas xa foron retiradas e a memoria foi xa integramente posta a disposición con antelación superior aos sete días naturais preceptivos, o reitor pasa a realizar a exposición dos principais puntos da súa Memoria de xestión correspondente ao ano 2010.

A continuación, ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra Santiago Pellit, representante do persoal de capítulo VI, para denunciar a “política de acoso e derribo” presuntamente dirixida pola Reitoría contra el polo feito de ser contratado indefinido por sentenza xudicial firme. Entrega un escrito da súa intervención ao secretario para anexar á acta.

A continuación, intervén o profesor Julián Dorado de la Calle para botar en falta autocrítica sobre o que está acontecendo na Universidade, especialmente en materia de infraestruturas. Critica o atraso das obras do



CITIC e a ausencia de explicacións ao respecto. Critica tamén a tardanza na execución das obras do comedor no campus de Ferrol, e a carestía das cadeiras do comedor de Ferrol, que son ao seu xuízo moi caras. Tamén critica a ausencia do aparcamento de Ferrol e pide unha reflexión sobre o proceso de implantación dos mestrados na UDC.

O profesor Luis Castedo dálle os parabéns ao reitor polo incremento do número de grupos de investigación que acadaron proxectos europeos en 2010 e a duplicación dos recursos financeiros captados, estendendo os parabéns aos grupos de investigación que demostran ser moi competitivos. Luis Castedo critica o proceso de Boloña, e coincide co que dicía unha pancarta estudantil diante do seu despacho: que era “unha farsa”, de nocivas consecuencias. Critica que o equipo reitoral só se preocupase polos aspectos formais da implantación de Boloña, obviando os problemas demográficos a que se enfrenta Galicia e o seu sistema universitario, e a loita pola calidade. Crítica a Nova Luce por terse apoiado en Informática nos sectores meilanistas máis radicais.

A profesora Pilar Uriz solicita do reitor aclaración sobre o contexto do financiamento universitario e o seu impacto sobre o traballo da UDC e o noso plan estratéxico.

O profesor Anxo Calvo centra a súa intervención nas infraestruturas. Pregunta sobre a residencia universitaria, dada a súa importancia para contarmos con prazas públicas que nos permitan atraer estudantado nacional e internacional. Cal é o estado da cuestión?

O profesor Santiago Roura comeza a súa intervención agradecendo a xestión realizada a José María Barja á fronte da institución, tendo en conta que se trata da última memoria anual de xestión do seu segundo e derradeiro mandato como reitor. En segundo lugar, o profesor Roura, solicita potenciar as relacións con Iberoamérica e Portugal na captación de estudantes e na formación de redes de colaboración. Solicita saber que instrucións se van dar á Xerencia para ter RPT de PAS laboral.

A profesora Adriana Dapena refírese ao apartado 4 da memoria, sobre calidade. Pide autocrítica sobre el, en concreto sobre a forma de implantación do programa docencia sen persoal de apoio e sen programas informáticos específicos, a insuficiencia do desconto de docencia para os PRCC. Por último, refírese á avaliación dos mestrados e ás deficiencias do sistemas GADU.



O representante do PAS Felipe Fernández fai unha valoración positiva do período de goberno de José María Barja é positivo, pois normalizouse a relación co PAS e subiu a representación do PAS no Claustro desde o 5 ao 9%. Valora positivamente a xestión do PAS funcionario, en especial o pacto da RPT, se ben a execución e o desenvolvemento da RPT se leva a cabo con lentitude. Valora positivamente a fusión de centros na Facultade de Economía e Empresa, di que é a liña que hai que seguir para racionalizar as nosas estruturas docentes. Por último, considérase decepcionado pola nova páxina web, da que esperaba máis.

O estudante David Pereira, dos Comités de Arquitectura critica a implantación de Boloña na UDC, porque a rapidez non foi boa. Interesa que Boloña se aplique ben, e non redunde nunha perda de calidade, sen perder horas presenciais, e con descenso da *ratio* dos grupos, pois os grupos de vinte non sempre se cumpren. Por último, solicita un cambio radical na xestión do mestrado de secundaria.

Miguel Veleiro, dos Comités de Camiños, refírese á necesidade de compensar os postos de aparcamento no edificio común de despachos de Informática e Camiños cun aparcamento soterrado. Refírese tamén á paralización das obras do CITEEC, que causaron mesmo a creación dunha avifauna local, polo que solicita información sobre a parálise e os prazos de entrega do edificio.

Federico García, dos Comités, pregunta sobre o reparto dos fondos entre as tres universidades. Considera que é un reparto inxusto, nesgado a prol de Santiago. A UDC tivo pouca firmeza na defensa dos nosos intereses, polo que anuncian que non van votar afirmativamente a memoria. A continuación, le un escrito de posicionamento dos Comités sobre a residencia pública, criticando a falta de contundencia do equipo de goberno na defensa da Residencia.

Xosé Portela, representante do PAS, céntrase na situación do PAS laboral, indicando os atrasos na execución da RPT de 2005. Denuncia tamén a precariedade do seu colectivo, e sinala as razóns de que, ao seu xuízo, as asembleas de PAS laborais non votasen favorablemente a RPT proposta en xuño de 2010, que incorporaba 38 novas prazas. Anuncia o seu voto en contra da Memoria, porque di que o reitor mente e discrimina o PAS laboral, favorecendo o PDI e a externalización de servizos a empresas alleas á Universidade. Pide a axuda dos restantes claustrais para presionar o goberno da Universidade.



Alejandro Pazos intervén para destacar a sorte que tivo o reitor coa oposición durante estes anos, pois ao seu xuízo a súa xestión deixa moito que desexar en todos os campos, desde a docencia até a investigación, pasando pola xestión das novas infraestruturas, especialmente no caso da residencia universitaria. Tamén critica a política da Universidade sobre os campus de excelencia internacional, destacando que non se logrou máis que participando nos proxectos de Santiago e Vigo. Por último, pide que se desactive a crispación que caracterizou o mandato do reitor nos últimos anos.

O profesor Andrés de Blas critica o que considera unha falta de cumprimento dos compromisos asumidos polo reitor en 2007, especialmente en materia de transparencia e funcionamento conforme ás normativas aprobadas. Considera que mantén o Claustro amordazado, e incumpre sistematicamente os regulamentos universitarios. Critica tamén o proceso de implantación do espazo europeo de ensino superior.

Julio Abalde centra a súa intervención no balance da innovación docente presentado na Memoria, en especial sobre como se cumpriu durante o último ano a obriga legal de desenvolver o proceso de Boloña na nosa universidade. Subliña que a nosa universidade conseguiu un campus de excelencia, o encabezado pola Universidade de Vigo sobre o mar. Destaca que o proceso de adaptación das titulacións foi moi participativo, integrando toda a comunidade universitaria no proceso, mais respectando a autonomía e fortalezas dos centros na confección dos contidos e na estrutura da demanda. Por último, destaca o incremento dos doutoramentos de calidade, que é a tendencia cara ao futuro.

A profesora Teresa López comeza a súa intervención facendo memoria sobre as Memorias de xestión do reitor, que foi un dos grandes acertos de transparencia do actual reitor. Moléstanlle certos comentarios escoitados, pola súa falta de educación e de respecto institucional, como que é un Claustro amordazado, ou que o reitor non respecta a legalidade. Como responsable dun centro, a decana de Filoloxía destaca o respecto da autonomía dos centros para transformar as titulacións, respecto baseado na concepción participativa e institucional da universidade por parte do equipo de goberno.

O profesor Jordi Delgado destaca a importancia que ten o rigor na aplicación dos regulamentos, ao seu xuízo máis importante mesmo que a transparencia, e cita distintos exemplos de falta de rigor nesa aplicación. En segundo lugar, considera importante evitar a instrumentalización da



institución por parte de organizacións alleas á universidade, como os partidos políticos. En terceiro lugar, considera moi mellorable o grao de implicación dos membros do Consello de Goberno neste órgano. Hai pouca motivación, algo que é motivo de decepción, dado que se trata dun dos máis importantes órganos colexiados de goberno. Unha das cuestións máis insatisfactorias, ao seu xuízo, é a ausencia dunha comisión delegada de infraestruturas, que é moi necesaria, como pon de relevo o sucedido co CITEEC. Por último, solicita a autocrítica de todos para afrontarmos con corresponsabilidade os retos que temos como universidade.

A representante do PAS, Nuria Vieira, anuncia a presentación dun recurso perante o presidente do Claustro por parte de Alternativa de PAS Asemblearia, con base nos fundamentos que pasa a ler. Solicitan a declaración de nulidade do Claustro, polo feito de a Mesa do Claustro de 24 de marzo ter dado de baixa a dous claustrais, representantes do PAS, que eran interinos cando se convocou en febreiro o Claustro. Solicita que o escrito se achegue como anexo á acta.

Rematada a quenda de intervencións, o reitor comeza a súa referíndose ao proceso de Boloña, e como se tomaron as decisións en España para a nosa adaptación, decisións que a Universidade ten a obriga de cumprir. O que fixo o equipo de goberno foi corresponsabilizar a toda a comunidade universitaria. Os cambios, en todo caso, son profundos, e aínda non reparamos en toda a súa dimensión. O reitor explica aspectos como a negociación do plan de financiamento, os retos pendentes en materia de adaptación a Boloña, a situación da residencia universitaria, ou a negociación da RPT de PAS laboral, todos eles marcados por un contexto de forte crise económica, en que a capacidade de manobra da universidade se ve moi reducida, e probablemente seguirá así durante anos. A continuación, o reitor cédelle a palabra a Ángel Fernández Castro, vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, para comentar os principais aspectos da situación económica.

O vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica di que actualmente se está a negociar o plano de sustentabilidade coa Xunta, dentro dos marcos de programación plurianual aprobada polo Claustro extraordinario do 18 de novembro de 2010. Tamén indica que en 2011 estamos nun período de prórroga do plan de financiamento anterior, aínda que a nosa postura respecto do novo plan segue a ser contraria, tal e como se manifestou co voto particular en contra defendido polo reitor no Consello Galego de Universidades, co apoio do presidente do Consello Social.



A xerenta toma a palabra para explicar a política de persoal seguida en materia de PAS desde o ano 2005, sen a que non se entenden os acontecementos experimentados pola negociación da RPT de persoal laboral e do III Convenio colectivo. Destaca o esforzo negociador realizado pola Xerencia, finalmente non corroborado polas asembleas de traballadores en xullo de 2010, nun marco económico e legal que xa non era nada propicio para o cumprimento das expectativas do colectivo, como se confirmou cos informes negativos dados pola Consellaría de Facenda sobre os custos de persoal en setembro de 2010. Pese a estar na vontade do equipo de goberno aprobar a nova RPT, na situación actual é legalmente inviable volver facer unha oferta de 38 prazas de nova creación.

O vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental toma a palabra e reflexiona sobre as dificultades de xestión urbanística que ten desde hai moitos anos a Universidade no campus da Zapateira e de Elviña. O vicerreitor considera que a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña son responsables da falta de desenvolvemento de case a metade do millón de metros cadrados sometidos á ordenación do Plan Parcial de 1991 mediante o sistema de expropiación, carencia que provoca a asfixia dun solo edificable absolutamente necesario para atendermos a prestación do servizo público universitario que por lei temos encomendado. O vicerreitor destaca os esforzos que vén facendo para satisfacer esa demanda nun contexto legal e económico tan adverso, cun investimento en obras nos últimos cinco anos de 32 millóns de euros, dos cales 25 millóns son en obra nova. Os problemas de execución dos contratos de obras están, ao seu xuízo, determinados polas tensións económicas das empresas contratistas no actual contexto de crise, pero anuncia que a Lei de economía sostible xa non permite estas prácticas. Remata reflexionando sobre a necesidade doutra cultura de mobilidade na UDC, que sexa quen de evitar o uso do vehículo individual.

Tras o anterior debate, o reitor somete a Memoria á consideración do Claustro, mediante votación á man alzada. O resultado é o seguinte:

Si: 75 votos

Non: 41 votos

Abstencións: 22 votos

Queda aprobada a Memoria de Xestión do Reitor do ano 2010 que acompaña a presente acta como **anexo VII**.



6. Quenda aberta de intervencións

O reitor abre a quenda de intervencións cedéndolle a palabra a Santiago Pellit, quen protesta porque o reitor non lle contestou á súa intervención. Di que o reitor é un cacique do século XXI, e que non respecta os seus dereitos, polo que acabará véndoo nalgún xulgado (non se especifica a xurisdición).

O representante do PAS Felipe Fernández comenta que o profesor Alejandro Pazos participou moi activamente no goberno que lle baixou a representación do PAS ao 5%, e el participou en devolverlle o 9%. En segundo lugar, engade que, se ben os resultados da súa candidatura nas eleccións do 2010 ao Claustro non foron bos, el foi electo á primeira, e non tivo que agardar a que dúas persoas renunciasesen para entrar no Claustro, como lle pasou ao profesor Pazos. Por último, recoméndalle á Xerencia e ao Comité de Empresa que cada vez que se reúnan para negociar, redacten unha acta.

O estudante Federico García, dos Comités, solicita difusión da súa moción sobre a residencia universitaria, e que se adopte unha postura de maior firmeza.

O profesor Andrés de Blas prega que se respecten os dereitos dos claustrais, e anuncia que solicitará un informe ao valedor sobre o desenvolvemento deste Claustro.

O profeso Narciso de Gabriel solicita un esforzo negociador para chegar a un acordo co PAS laboral, e que se inclúa dentro das tarefas do PAS o apoio aos procesos de calidade, que teñen unha grande complexidade. Por último, aproveita para destacar o traballo feito co mestrado de secundaria, que valora moi positivamente.

O representante do PAS, Xosé Portela, dá o seu apoio ao escrito dos estudantes sobre a residencia universitaria, e pide o do Claustro, ou o do Consello de Goberno, de ser o caso. Tamén solicita que se aprobe a RPT laboral, coas 38 prazas, e se inclúan as prazas das persoas que traballan con cargo ao capítulo VI. Pregunta se se lle vai responder agora ao recurso (o reitor e o secretario xeral aclaran que non, pois os recursos teñen un procedemento para a súa instrución e resolución conforme a dereito).



Unha representante de estudantes interésase pola utilización da aula de deportes pola mañá, e pon de manifesto a necesidade de coidar a accesibilidade das persoas discapacitadas ao campus.

Amelia Fraga, representantes de estudantes (Iesga), manifesta o seu apoio ao valedor universitario electo, e anuncia o apoio ao posicionamento dos Comités sobre a residencia universitaria.

O profesor Alejandro Pazos di que queda moi intranquilo polas explicacións dadas polo vicerreitor de Infraestruturas sobre a xestión das licenzas dos edificios do campus, e que hai outros problemas como o de falta de pago das facturas dos edificios, e a inexistencia da residencia universitaria. Por último, lémbrale a Felipe Fernández que o procedemento do nomeamento do profesor Pazos como claustral pola circunscrición da Facultade de Informática foi completamente legal e normal, e que obtivo 32 votos nas urnas que son bastantes máis que a suma dos votos obtidos por todos os membros do equipo reitoral que se someteron ás urnas.

A xerenta, por último, intervén para contestar a Santiago Pellit, representante do persoal contratado con cargo ao capítulo VI. Di que deliberadamente non se lle contestou antes porque a súa intervención obedecía a un interese puramente persoal, sen relación coa memoria do reitor. A xerente explica que Santiago Pellit foi contratado no seu día con cargo a un convenio de colaboración cunha institución. Unha vez rematado o convenio de colaboración, o señor Pellit demandou a Universidade para lograr o carácter indefinido da súa relación laboral. Os tribunais do social así o recoñeceron, e a Universidade limitouse a executar a sentenza firme nos seus xustos termos. Segue discutíndose nos tribunais se esta persoa ten a consideración de PAS laboral ou de persoal con cargo ao capítulo 6. Respecto ás acusacións de acoso, a xerente nega que por tal poida considerarse un escrito en que se lle advertía de que, ao actuar como provedor de material informático para a propia Universidade, estaba incorrendo en incompatibilidade. O señor Pellit non estivo de acordo, impugnou ese escrito e perdeu nos tribunais, que recoñeceron a súa situación legal de incompatibilidade para contratar coa propia Universidade da que é persoal ao seu servizo.

Remata a xerente considerando que a intervención do señor Portela sobre a posibilidade de pasar cartos do capítulo 6 ao capítulo I debe ser unha broma, porque sabe que pasou un proceso selectivo en cuxo temario se



recollen as prohibicións legais de transferencias de crédito entre os capítulos de gasto corrente e de investimento.

Sen máis asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión, sendo as 14.20 h. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do presidente.

O secretario xeral

Visto e praxe
O presidente

Carlos Amoedo Souto

José María Barja Pérez